

POSIBLES REACCIÓNS DOS NENOS E NENAS ANTE A PERSPECTIVA DE VOLVER Á RÚA

Pódense dar reaccións variadas e incluso contrapostas. Ao longo deste periodo de confinamento os nenos escoitaron, viron e almacenaron información variada que non puido ser elaborada sin a intervención dun adulto, se fose o caso.

ELEMENTOS FACILITADORES

- A necesidade de xogo e movemento.
- A necesidade de estímulos e de relación.
- A confianza que o adulto proxecte.
- O tipo de explicacións que se lle dé, que lles aclare qué pode facer e que non pode.
- Se ten claro e ben procesado que se trata de ser solidarios cos demais.
- Se a familia acepta que certo medo é necesario e protector ante posibles perigos.

ELEMENTOS INHIBIDORES

- Sentimentos de temor e inseguridade (medos variados: contaxio, enfermidade, morte, etc).
- O tipo de medo que lle puxeron na casa por mor dos perigos de saír, e agora de repente, que se lles diga que aquilo non era para tanto.

RECOMENDACIÓNS

- **Prever** que imos ter que dar pautas en sentido contrario ao que se fixo ao comezo do periodo de estar na casa.
- **Dialogar e escoitar. Que conten o que lles preocupa, como cren que se van sentir cando saian.**
- **Acompañalos nese proceso e darlles tempo a procesalo.**
- **Non intentar tranquilizalos de xeito inmediato quitando importancia ao seu medo ou ao seu sentir.**
- **Tendemos a minimizar o medo, e este faise mais grande se cabe, cando isto ocorre.**

POSIBLES REACCIÓNS

- Reacción de “NON QUERO SAIR”: disfrazada de “estou ben na casa” ou similares. Négase a recoñecer que non está preparado para saír.
- Reacción de TEÑO MEDO. Con mais ou menos angustia.
- Reacción de POR FIN XA PODO SAIR.
- Reaccións mezcladas.

TRAZAMOS UN PLAN DE ACTUACIÓN

POÑENDO OBXECTIVOS EN ORDEN PROGRESIVO

- **1ª VEZ.** Saír ao exterior, pararse, respirar, pasear ou simplemente estar perto da entrada da casa durante uns minutos, e comentando co adulto como se sente, procesando.
- O papel do adulto é o acompañamento , falándolle tamén do seu propio sentir.
- Pode que o neno non sexa quen de verbalizar nese momento. Respetar o silencio se así fose. **Voltar para a casa e dicirlle que se conseguiu o obxectivo sen que pasase nada extraño.** Non estar mais tempo do que o neno queira estar.

O medo tende a facerse mais grande se se lle da cabida (Recordatorio). Mellor non sucumbir a el.

- **2ª VEZ.** O mesmo , pero un pouco mais de tempo e de distancia co mesmo método da primeira vez. Respirar, relaxarse e comentar as sensacións. E posible que ao neno xa lle dese tempo de atopar as palabras para poder falar . **Voltar para a casa e dicirlle que se conseguiu o obxectivo sen que pasase nada extraño. O adulto expresará os seus sentimentos.**

3ª VEZ. Anticiparlle que hai que cumprir unas normas : non se pode ir a xogar con outros nenos ou nenas. Normas dictadas polas autoridades para protexer aos nosos maiores.

Outra norma: saír pero non tocar todas as cousas, e lavalas mans con auga e xabón ben lavadas ao chegar á casa.

O adulto ensinaralle unha actitude positiva: que os nenos e nenas son MOI IMPORTANTES para toda a xente do seu barrio e que eles tamén poden facer cousas polos demais.